

# XXXIV PREMIO edebé

DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Convidamos a todos os escritores e escritoras a participar no  
**XXXIV Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil,**  
un acontecemento anual que reúne as obras de maior calidade literaria para a xente nova.

Contos fantásticos, narracións enxeñosas, historias excitantes ou apaixonantes relatos  
que fagan soñar os lectores e as lectoras máis novos.

**Participa coa túa obra.  
Porque todos levamos un premio dentro.**

Establécense dúas modalidades de premio: modalidade infantil, para obras de narrativa dirixidas a lectores de 7 a 12 anos, dotada con 25.000 euros, e modalidade xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 13 anos, dotada con 30.000 euros. O feito de participar nunha modalidade exclúe a posibilidade de facelo na outra.

A concesión do Premio Edebé nas súas dúas modalidades supón que o autor/a cede en exclusiva a Edebé todos os dereitos de explotación sobre a obra, por toda a vivencia da propiedade intelectual, en calquera lingua, formato, canle de distribución, xa sexa de forma directa ou mediante terceiros, por todo o mundo; cesión que o autor/a se obriga a formalizar mediante a sinatura do contrato de edición estándar que nese momento teña en vigor a editorial. A dotación do Premio Edebé computarase como anticipo á conta dos dereitos de autor obtidos mediante esas explotacións.

A editorial Edebé terá unha opción preferente para a adquisición dos dereitos, en todas as linguas do Estado español, das obras que o xurado considere con interese para publicar e que non obtivesen o premio nalgunha modalidade.

As obras deberán ser orixinais totalmente inéditos, de tema libre e escritos en castelán ou en calquera das linguas do Estado. O xénero literario debe ser novela. Remítanse dúas copias encadernadas e unha copia en soporte informático a este enderezo: Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil. Editorial Edebé, Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona. Deberase especificar claramente a que modalidade do premio se presenta. A maiores, este envío deberá remitirse adxunto nun correo electrónico a este enderezo: premio@edebé.net, indicando no asunto "Premio Edebé 2026", cos mesmos datos que se inclúan no envío en papel (orixinal da obra e plica).

A extensión das obras abranguerá desde un mínimo de 20 páxinas a un máximo de 80 para a modalidade infantil, e de 80 a 200 para a xuvenil. Os traballos presentaranse mecanografados a dobre espazo e escritos por unha soa cara en follas de papel de tamaño DIN-A4.

Os orixinais enviaranse nunha plica. As plicas deben incluír o nome, o enderezo, o correo electrónico e mais o teléfono do autor/a, así como a súa declaración de aceptación das Bases. O xurado procederá á apertura das plicas despois de emitir a resolución do premio nas dúas modalidades.

Cada concursante poderá enviar todos os orixinais da súa propia autoría que desexe para unha soa modalidade. O feito de participar implica o compromiso de non optar a outros premios coas obras que se presenten a este concurso así como a ausencia de compromisos editoriais, previos ou simultáneos, sobre as devanditas obras.

O prazo de admisión dos orixinais rematará o 15 de setembro do 2025.

Non se poderán presentar ao concurso nin o persoal do Grupo Edebé nin os gañadores da edición anterior.

O xurado será nomeado por Edebé e estará formado por especialistas en literatura e en educación. A súa composición darase a coñecer cando se publique a resolución do Premio Edebé. A resolución emitida polo xurado será inapelable e farase pública a partir do 31 de xaneiro de 2026 durante un acto convocado para este fin.

Os orixinais non premiados serán destruídos dentro dos catro meses seguintes á adxudicación do premio. A editorial non responde, en ningún caso, polo extravío ou pola perda dalgún orixinal.

A participación no Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil implica a plena conformidade e aceptación destas bases.

Conforme o disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 e na Lei, informamos de que os datos persoais que nos facilitou serán incorporados a un ficheiro de titularidade de EDEBÉ EDUCACIÓN SLU, con CIF B91370734, e serán tratados coa finalidade explícita e lexítima de xestionar a inscrición, a participación e o resto das súas relacións con respecto ao concurso.

Os seus datos son confidenciais e serán conservados ata que se resolva o premio desta edición, excepto no caso de que resulte finalista ou gañador/a, nese caso, serán conservados segundo regula o contrato de edición pertinente. Vostede consente que os datos poidan ser cedidos ás entidades ou compañías promotoras, patrocinadoras ou encargadas da xestión e entrega dos premios, así como a autoridades, organismos ou calquera outra entidade de carácter público ou privado, estatal, autonómico ou local, relacionados co obxecto do concurso e os seus premios, ou, en cumprimento dunha obriga legal, de calquera rango normativo.

Vostede pode acceder aos seus datos persoais obxecto de tratamento, así como exercer os dereitos de rectificación, portabilidade, supresión, limitación e oposición mediante as seguintes canles: escrito dirixido a EDEBÉ EDUCACIÓN en Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 (Barcelona) ou escrito ao enderezo de correo electrónico: arco@edebé.net.

No caso de que non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente. Vostede autoriza expresamente a EDEBÉ EDUCACIÓN a publicar, reproducir e utilizar (incluso en Internet e redes sociais) con fins publicitarios e/ou informativos, os seus datos persoais, incluída a súa imaxe e, se é o caso, a súa voz, como participante do concurso. As persoas gañadoras e finalistas, ademais, comprométese a participar persoalmente nos actos de presentación e promoción da súa obra.

As obras deberán ser orixinais totalmente inéditos, de tema libre e escritos en castelán ou en calquera das linguas do Estado.

**Non se aceptan orixinais escritos por ou mediante o uso de intelixencia artificial. O autor debe garantir este punto contractualmente.**